

Concello de Xove

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE XANEIRO DE 2013.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Alvarez

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Ausentes:

D^a Ana María Abad López

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dezoito de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 28 de decembro de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE ALUMINA ESPAÑOLA S.A. RELATIVO A INSTALACIÓN DE REDE DE SIRENAS E CÁMARAS DE VÍDEO. PLAN DE EMERXENCIA DEPOSITO DE LODOS ROXOS NO NÚCLEO URBÁN DE XOVE E URB. PALMEIRO.

Vista solicitude formulada por Alumina Española (Alcoa Europe) con C.I.F.nº: A-36006278 con domicilio en San Ciprian (Cervo) para implantación do Plan de Emerxencia do Depósito de Barros Roxos, da rede de sirenas e cámaras de vídeo. Expediente:3752/12

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación e proxecto que se aporta asinado polo Enxeneiro de Camiños, Canales e Portos D. Jorge Martínez Fontecha, (Colexiado nº 18.613), e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras Administracións. O Plan de emerxencia dos diques de lodos vermellos contén as actuacións que se deberán levar a cabo polo titular do depósito para facer fronte a eventuais situacións de emerxencia. Asimesmo o documento recolle as previsións para a información divulgativa do Plan de emerxencia as autoridades locais e a poboación afectada na primeira media hora dende a declaración do escenario límite, de acordo co anexo nº 7 do proxecto presentado.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada, de acordo con proxecto presentado.
- Durante a realización dos traballos, deberá estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade Civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.

- De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente as obras que se pretenden executar, as cales deberán de axeitarse aos condicionados das diferentes administracións afectadas.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Valórase o presuposto da obra en 264.097,64€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 5.281,95€
- 4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.
- 5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. JUAN JOSÉ RIVAS BEN PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR REHABILITADA EN VILALPOL, 27 (PORTOCELO).

Vista solicitude formulada por D. Juan José Rivas Ben con D.N.I. nº: 33.861.279-N con domicilio en Vilalpol, 27 (27877 Portocelo) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para vivenda unifamiliar sita en Vilalpol, 27 (2877 Portocelo).

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte: *Expediente licenza obra:1624/11*

- *Obra prevista en proxecto: Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en Vilalpol.- Vivenda unifamiliar composta de planta baixa e unha altura.*
- *Obra executada: Vivenda unifamiliar composta de planta baixa, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada.*

Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.

Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.

O volume e superficie da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal. A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove. Ordenanza de aplicación. -Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. -A obra executada, adáptase a Normativa. - Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e pintada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

- *Presuposto proxecto de execución - liquidación final:.....73.197,54€*
- *Valoración licenza primeira utilización 0,5% s/p 365,99€*

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Vilalpol, 27 (Portocelo) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 365,99€.

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

B.3) SOLICITUDE DE D. MANUEL REGO BERMUDEZ RELATIVO A NAVE ALMACÉN NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA-XUANCES.

Vista solicitude formulada por D. Manuel Rego Bermudez con D.N.I nº: 33.784.922-S con domicilio en Polígono Industrial de Camba , Parcela 25 (27877 Xuances Xove) para realización de obras de nave almacén na parcela Nº 30-2 do Parque Empresarial Industrial de Camba.-Xuances-Xove .-Expediente: 3724/12

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- A edificación que se pretende construír, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto técnico D. Tomás Rodríguez Rapa, sitúase dentro do área delimitada polo parque empresarial do polígono industrial de Camba, na súa parcela nº 30-2.
- No proxecto, no seu apartado 1.2.4.1, Ficha de condicións urbanísticas do proxecto, ocupación dos terreos, e plano de localización, certifícase por parte do técnico, autor de este, a adaptación do inmovible que se pretende, á vixente Normativa urbanística. 3º.-Artigo 4.6. -Parcelas de uso industrial e comercial, correspondente á normativa prevista no plan parcial aprobado para o Polígono industrial de Camba.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- De acordo coa descrición da memoria do proxecto, a nave non ten uso definido, polo que de según esta descrición a devandita actividade, ten características de inocua, se ben, no suposto que a actividade final estivese suxeita a informe de Medio Ambiente, se deberá tramitar o expediente correspondente.
- Así mesmo recórdaselle ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deba cumprirse con todos os seus datos:
 - Promotor das obras
 - Construtor.
 - Nº de expediente de licenza.
 - Data de inicio e finalización das obras.
 - Técnicos directores de obra.
 - Coordinador de seguridade e saúde na execución.
- Deberase presentar nas dependencias municipais, a designación de técnicos responsables de diferentes apartados de execución de obra, director de obra, director de execución e coordinador de seguridade.
- Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización de acordo co Artigo 195.6 da lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
- As obras e instalacións de medios auxiliares, para a execución dos traballos previstos no proxecto e licenza, dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.

- Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.
- Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía pública, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
- Asemade de ser necesaria a instalación de grúa deberase presentar a solicitude da instalación correspondente.
- De acordo cos apartados anteriores, e sen prexuízo de terceiros, infórmase favorablemente as obras que se solicitan.
- Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente Acta de reformulo, para o que previamente se aportará plano de emplazamiento cos retranqueos correspondentes.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 40.295,60€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 805,91€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 3 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUD DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO DE SUPERMERCADO CEMAR ALIMENTACIÓN SITO EN AVDA. DIPUTACIÓN, 40 (XOVE)

Vista solicitude de D. Tomás Rodríguez Rapa en representación de la entidade Rodríguez Quelle Alimentación S. L. con domicilio en Avda. Diputación, 40 (27870 Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Avda. Diputación, 40 (27870 Xove), que en la actualidade figura a nome de Cemar Alimentación S.L. para que figure como novo titular Rodríguez Quelle Alimentación S.L.

Visto así mesmo que con fecha 12 de abril de 2000 expediuse a licenza municipal para apertura de establecemento de alimentación CEMAR en Avda. Diputación, 40 (Xove)

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que de acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para supermercado de alimentación, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade para licenza da actividade que se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día se concedeu a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas de acordo co certificado adxunto suscrito polo arquitecto técnico D.Tomás Rodríguez Rapa.

2º. *-Otorgouse licenza municipal inicial a favor de CEMAR ALIMENTACIÓN S.L, para comercio como supermercado de alimentación no ano 2000.*

Infórmase favorablemente a nova solicitude de cambio de titularidade que se solicita, a favor de RODRÍGUEZ QUELLE ALIMENTACIÓN S.L. Na documentación consta a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervinintes.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de alimentación titularidade de CEMAR Alimentación, sito en Avda. Diputación, 40 (Xove) para que sexa substituído como titular **Rodríguez Quelle Alimentación S.L.**, previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE NOVEMBRO-DECEMBRO DE 2012 E XANEIRO DE 2013.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de novembro e decembro de 2013 e xaneiro de 2013 por importe de 542,97 €.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DOS PREMIOS PARA O CONCURSO DE KARAOKE 2012.-

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno do informe-proposta do Técnico de Cultura do Concello de concesión de premios no Concurso de Karaoke celebrado o pasado 29 decembro de 2012 no salón de actos do Centro Cívico, no que se transcribe a Acta do Xurado:

Categoría "PEQUES" (ata 12 anos):

- 1º Premio "Mellor Voz": Nerea Rivas Balsa e Margarita Parapar Fernández. Titora: Vanesa Balsa Arias con DNI: 34637462-R . Premio de 30 €.
- 2º Premio "Mellor Voz": Daniel Fernández Ponte. Titora: Rosa Ponte Fernández con DNI: 23 793 742 - M. Premio de 30 € .
- Premio a "Mellor Caracterización": Ainoa Echevarría Oliver. Titor: María José Oliver Alonso, con DNI: 77 594 720-B. Premio de 30 € .

Categoría "IUNIOR" (DE 12 ata 18 anos):

- 1º Premio "Mellor Voz": Paula Quelle Lloret. Titora: Beatriz Lloret Sancho con DNI: 32445795-V . Premio de 60 € .
- 2º Premio "Mellor Voz": Brenda Suárez Azogue. . Titora: Ana Isabel Azogue Barberarena con DNI: con DNI: 72028299-G. Premio de 60 € .
- Premio a "Mellor Caracterización": Johnny Fernández Taboada. Titor: Verónica Taboada Fernández, con DNI: 77596226-E. Premio de 60 €

Categoría "VETERANOS" (maiores de 18 anos):

- 1º Premio "Mellor Voz": Laura Míguez Ramos, con DNI: 33993625-Q. Premio de 120 € .
- 2º Premio "Mellor Voz": Modesto Pernas Vidal, con DNI: 33817916-G. Premio de 120 € .
- Premio a "Mellor Caracterización": María Gemma Rodríguez Martín, con DNI: 36169458-A. Premio de 120€ .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación do libramento do devandito pago ós premiados no concurso de karaoke, por un importe total de 630€.

Lémbrese que o establecemento comercial no que o beneficiario decida gastar o seu premio, deberá emitir factura a nome deste ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade, especificando o premio e a categoría na que o beneficiario resultou ganador, tal

e como conste no cheque-regalo. A factura deberá presentarse polo beneficiario na Tesourería do Concello para o cobro do premio.

D.2) RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DOS PREMIOS PARA O CONCURSO DE POSTAIS 2012.-

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno do informe-proposta do Técnico de Cultura do Concello de concesión de premios no Concurso de Postais, no que se reflicte a acta do Xurado do Concurso o pasado 26 decembro de 2012 no salón de actos do Centro Cívico, e que se transcribe de seguido:

Categoría Preescolar:

- 1º): Aitana Ituriza Pozuelo (Nº 11).
- 2º): Cora Buján Rouco (Nº 26).
- 3º): Enma Buján Rouco (Nº 25).

Categoría 1º e 2º de Primaria:

- 1º): Nerea Berdeal Martínez (Nº 14).
- 2º): Xenxo Salgueiro Franco (Nº 12).
- 3º): Jennifer Rodríguez Barboza (Nº 5).

Categoría 3º e 4º de Primaria:

- 1º): Kevin Castro Piñeiroa (Nº 6).
- 2º): Izan Maragoto Bermúdez (Nº 20).
- 3º): Candela Fernández López (Nº 17).

Categoría 5º e 6º de Primaria:

- 1º) Noel Quelle Martínez (Nº 13).
- 2º) Tania Fernández Fernández (Nº 24).
- 3º) David Otero Pigueiras (Nº 15).

Categoría 1º a 4º de ESO:

- 1º): Isabel Carvalho Machado (Nº 29).
- 2º) Brenda Suárez Azogue (Nº 8).
- 3º) Andrea Díaz Díaz (Nº 31).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación do libramento dos devanditos pagos ós premiados no concurso de postais 2012, por un importe total de 299,12€.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de libros ou material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

D.3) CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE 2013.

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras dos premios de antroido, que se transcriben literalmente de seguido:

“BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES DO DESFILE DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Sábado de Entroido, con motivo da celebración do desfile de Antroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINIÇÃO DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de Antroido organizado polo Concello de Xove.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderá presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

A documentación a presentar será a seguinte:

1.- Particulares

- *Ficha de inscrición establecida ao efecto*
- *Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade*
- *Certificado expedido pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma, tendo en conta que a titularidade ten que estar ostentada polo participante ou titor, para o caso de menores de idade.*

2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.

- *Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.*
- *Copia do N.I.F. do representante do grupo*
- *Certificado expedido pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma, tendo en conta que a titularidade ten que ser ostentada pola asociación ou para o caso de grupos ocasionais, polo representante do grupo.*
- *Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)*

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comezo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

TERCEIRA.- NORMAS DO DESFILE

Para participar no concurso será necesario cumprir as seguintes normas:

- *Ter colocado en todo momento o dorsal que será facilitado polo organización do desfile*
- *Gardar o orden de saída durante todo o desfile deixando unha distancia prudente entre participantes*
- *Será de competencia do xurado valorar a impuntualidade dos participantes*
- *Se os participantes se acompañan de calquera tipo de artilugio ou artefacto, deberán velar en todo momento polas seguridade daqueles e do público asistente, quedando prohibida a utilización de calquera material pirotécnico.*
- *Está permitido levar animais ao desfile sempre que non representen un perigo para o resto dos participantes e o público asistente, non estando non obstante permitido o seu maltrato podendo ser esta actuación causa de expulsión do concurso e consecuente descalificación.*
- *Non se permitirán representación de carácter obsceno que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, moitos deles nenos.*

- *É imprescindible ir ataviados co disfraz no momento da entrega de premios, que se efectuará o mesmo día do desfile, en horario de tarde coincidindo co baile infantil e en horario de noite, coincidindo co baile de maiores.*

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto como mínimo por tres membros designados pola organización do concurso.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 2.900,00 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal).

SEXTA.- PREMIOS

Carrozas.

- *1º premio: 450 €*
- *2º premio: 250 €*
- *3º premio (2 premios): 150 € cada premio*

Comparsas e grupos de dez persoas ou máis

- *1º premio: 250 €*
- *2º premio: 20 €*
- *3º premio (2 premios): 125 € cada premio*

Grupos de 3 a 9 persoas

- *1º premio: 110 €*
- *2º premio: 80 €*
- *3º premio (2 premios): 50 € cada premio*

Parellas

- *1º premio: 60 €*
- *2º premio: 50 €*
- *3º premio (2 premios): 40 € cada premio*

Individuais adultos

- *1º premio: 50 €*
- *2º premio: 40 €*
- *3º premio (2 premios): 30 € cada premio*

Individuais infantil (nenos)

- *1º premio: 40 €*
- *2º premio: 30 €*
- *3º premio (2 premios): 20 € cada premio*

Individuais infantil (nenas)

- *1º premio: 40 €*
- *2º premio: 30 €*
- *3º premio (2 premios): 20 € cada premio*

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 €. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 569,62 € e do segundo, de 316,46 €. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 316,46 €.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o desfile, o xurado levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías. De acordo coa mesma entregarase aos gañadores un cheque-regalo que se facerá efectivo mediante transferencia bancaria dentro do prazo dos vinte días seguintes á celebración do concurso, sempre e cando se dispoña de toda a documentación requerida na Base Segunda.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a concesión dos premios.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do concurso resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

Acorda:

- *1º.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Disfraces do desfile de Antroido.*
- *2º.- Proceder á convocatoria pública do premios para o Antroido 2013*
- *3º.- Autorizar o gasto de 2.900,00 € con cargo á patida 338.481 do Estado de Gastos para vixente Orzamento Municipal para o exercicio de 2013.*
- *4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.*

D.4) CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE AXUDAS A GANDEIRÍA 2013.

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras para explotacións gandeiras de gando vacún do Concello de Xove, e que se transcriben literalmente de seguido:

“BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE GANDO VACÚN DO CONCELLO DE XOVE

A concepción moderna da agricultura e da gandeiría considera ambas actividades humanas como funcións sociais que van mas alá do seu primixenio papel de medio de produción de alimentos para o consumo, ou da súa ulterior consideración como unha actividade económica propia do que se deu en chamar sector primario, en contraposición aos sectores secundario ou industrial, ou terciario ou de servizos.

Hoxe, a agricultura e a gandería alcanzaron unha notable dimensión social, ó contribuír a evitar ou retrasar o despoboamento do medio rural, con todo o que de positivo se deriva deste mantemento dos núcleos de poboación rural, especialmente para a preservación das culturas tradicionais dos pobos e o equilibrio do medio ambiente.

Tamén se vincula inevitablemente a actividade agropecuaria coa calidade dos alimentos e do consumo humano. Precisamente, os últimos anos do século XX foron abundantes na aparición de lamentables e alarmantes episodios de deficiencias na produción de alimentos agrícolas e gandeiros. Unha agricultura e unha gandeira de calidade son e serán no futuro unha garantía sanitaria para os cidadáns obrigados a nutrirse de alimentos e produtos provintes de ambas.

Por iso, de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, establécense as bases reguladoras das axudas para explotacións gandeiras de gando vacún do Concello de Xove de acordo co seguinte articulado:

PRIMEIRA.- OBXECTO E GASTO SUBVENCIONABLE

É obxecto das presentes Bases regular as axudas a conceder polo Concello de Xove para compensar ós titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da reses.

Aos efectos das presentes bases enténdese por explotación gandeira o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade gandeira e que constitúa en sí mesma unha unidade técnico- económica na que se teñan, críen, ou manipulen animais, sen perxuízo da súa división, por razóns técnicas, en diferentes unidades de produción.

Considérase gasto subvencionable o gasto no que pode incorrer durante todo o ano o titular da explotación gandeira pola perda derivada da morte de reses, aínda que esta se producise no exercicio anterior ao da convocatoria.

SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 17.000,00 € (partida 412.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

CUARTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

IDADE	AXUDA
Menos de 1 mes	120€
Entre 1 e 6 meses	200€
Entre 6 e 9 meses	300€
Entre 9 meses e 2 anos	400€
Entre 2 e 4 anos	500€
Entre 4 e 7 anos	400€
Entre 7 e 10 anos	300€
Entre 10 e 14 anos	200€
Máis de 14 anos	0

Asímesmo, os abortos de máis de sete meses, percibirán 60 € por cría.

QUINTA.- CENSO DE GANDO

Toda explotación gandeira deberá estar rexistrada no censo municipal que a tal efecto elaborará a Concellaría de Agricultura, Gandería e Monte.

SEXTA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as axudas recollidas nas presentes Bases as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E. 27025....)

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do Concello de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

SÉTIMA.- REQUISITOS DO GANDO OBXECTO DA AXUDA

Para poder disfrutar da axuda o gando deberá dispor da carta de saneamento, excepto as reses que nazan ou se compren entre campañas de saneamento. Neste caso, se o xato está chapeado esixirase que estea anotado no Libro de Explotación do titular.

Asímemo, para ter dereito á subvención no que atinxe a gando comprado, deberá ter una estadía mínima de dous meses na explotación do solicitante, tanto se trate das reses como das súas futuras crías.

OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- *Modelo de solicitude a facilitar polo Concello*
- *D.N.I. do solicitante*
- *Certificado de empadramento*
- *Documentación acreditativa da titularidade da explotación (Fotocopia compulsada da portada do Libro da Explotación e da páxina na que estea inscrito o animal)*
- *Fotocopia cotexada do impreso oficial acreditativo da recollida do animal morto para o seu traslado á planta de residuos homologada.*
- *Fotocopia compulsada da carta de saneamento actual. No caso de que o animal fose adquirido noutra explotación, fotocopia da carta de saneamento da explotación da que procede.*
- *Fotocopia compulsada do D.I.B. do animal, que deberá estar dado de baixa na Oficina Agraria Comarcal.*
- *Certificado da entidade bancaria indicando o número de conta do solicitante*
- *Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha Administración Pública, no modelo facilitado polo Concello.*

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante ou do gando necesarios para determinar a obtención ou non da axuda.

NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no departamento de Agricultura do Concello antes de que transcorran 2 meses dende a data da morte do animal obxecto de axuda.

DÉCIMA.- INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Agricultura, Gandería e Montes, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.

5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

DUODÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGO.

O pago das axudas realizarase mediante transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

DÉCIMOTERCEIRA.- COMPATIBILIDADES

A percepción das axudas reguladas nas presentes Bases será incompatible con calquera outra percibida das Administracións Públicas para a mesma finalidade.

DÉCIMOCUARTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios das axudas as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- De revogarse a concesión dunha subvención, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 3.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

DÉCIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas para explotacións gandeiras de gando vacún do Concello de Xove.
- 2ª.- Proceder á convocatoria pública das axudas para 2013, de acordo coas anteriores bases reguladoras.
- 3º.- Autorizar o gasto de 17.000,00 € con cargo á partida 412.489 do Estado de Gastos para o exercicio de 2013.
- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. GERARDO FERNANDEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Gerardo Fernández López con D.N.I. nº 33705026K, con domicilio en Gondar, 7 (Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D. GERARDO FERNANDEZ LOPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Gerardo Fernández López con D.N.I. nº 33705026K, con domicilio en Gondar, 7 (Monte) por morte de unha vaca, por importe de 400,00€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA DOLORES MÍGUEZ GALDO .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Dolores Míguez Galdo con D.N.I. nº 76.564.008-K , con domicilio en San Cristovo 18 (27877 Portocelo) por morte de unha vaca, por importe de 200,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a DOSINDA LAGE VIDAL .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Dosinda Lage Vidal con D.N.I. nº 76.557.051-X , con domicilio en Regosanguento, 3 (27879 Rigueira) por morte de un xato por importe de 120,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MONTSERRAT SANCHEZ PIGUEIRAS .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Montserrat Sánchez Pigueiras con D.N.I. nº 76.569.653-P, con domicilio en Gondar, 9 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.11) CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (ANUALIDADE 2013)

Por Secretaría dáse conta da convocatoria de subvencións ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2013, e que se transcriben literalmente de seguido:

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (ANUALIDADE 2013)

1.- Entidade adxudicadora

- a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove
- b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Emprego.

2.- Obxecto

- Concesión de subvencións para fomento da contratación laboral e do autoemprego ao abeiro do Plan de Emprego Municipal.

3.- Beneficiarios

Empresas con personalidade xurídica privada que desexen contratar a unha ou máis persoas que reúnan os requisitos antes referidos, sempre que o contrato sexa de duración mínima inicial de seis meses e persoas que estean empadroadas e con residencia no municipio mínima de 6 meses anteriores á data de solicitude.

4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención:

Concurrencia competitiva. Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

5.- Orzamento

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 60.000 € con cargo á aplicación 241.470 do orzamento do presente ano 2013.

6.- Contía da subvención

6.1.- Contratacións laborais indefinidas: no caso da contratación de un home, máximo de 5.400 para os tres anos; ata un máximo anual de 1.800 €. No caso de unha muller, máximo de 6.300 para os tres anos e ata un máximo anual de 2.100 €.

6.2.- Contratacións laborais temporais de seis ou máis meses de duración: no caso da contratación de un home, máximo de 3.000 € para os tres anos; ata un máximo anual de 1.000 €. No caso de unha muller, máximo de 3.900 € para os tres anos; ata un máximo anual de 1.300 €.

6.3.- Autoemprego: axuda equivalente ao importe da súa Seguridade Social co límite máximo de 5.400 € para os tres anos (límite máximo anual de 1.800 €) no caso de un home e 6.300 € (límite máximo anual de 2.100 €) para unha muller.

7.- Gastos subvencionables

Son subvencionables os gastos nos que se incorre pola contratación de persoal indefinido ou temporal ou polo autoemprego que teñan lugar desde o 1 de xaneiro de 2013.

8.- Prazo e forma de xustificación

Fíxase un período máximo de xustificación documental para o libramento das subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Emprego que rematará o 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, a non ser para as contratacións ou altas na seguridade social, no caso de autónomos, realizadas con posterioridade ao 15 de agosto, que disporán dun ano máis de prazo para solicitar o libramento desta axuda, non admitíndose xustificacións con posterioridade a estas datas, e perdéndose a subvención polo adxudicatario da mesma.

Para o caso de contratacións laborais

Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, as empresa contratantes presentarán no Concello unha copia de cada contrato efectuado ao abeiro desta subvención.

Para o libramento da axuda correspondente a empresa aportará a seguinte documentación:

- Copia das transferencias bancarias das nóminas aboadas á persoa traballadora.
- TC1 e TC2 de todos os meses dos que solicita cobro.

- *Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da empresa.*
- *Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.*
- *Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma*

O prazo para solicitar libramentos vai do 15 de xaneiro ao 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte

Con carácter excepcional e debidamente motivado poderán, non obstante pola Xunta de Goberno Local para casos específicos de subvención a unha empresa dun número elevado de traballadores cunha repercusión económica notable, efectuarse libramentos bimestrais ou trimestrais previa acreditación do pago das nóminas e do ingreso dos seguros sociais ca Tesourería da Seguridade Social.

Para o caso de autoemprego

Despois da notificación do acordo de concesión da axuda, a persoa autónoma presentará no Concello unha copia da alta na Seguridade Social que non poderá ser máis de dous meses posterior á data de solicitude desta Subvención.

Para o libramento da axuda correspondente a persoa autónoma aportará a seguinte documentación:

Recibos de pago de Seguridade Social de todos os meses.

Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Xove), e coa Seguridade Social a nome da persoa e se é o caso da empresa.

Declaración doutras axudas en modelo normalizado do Concello de Xove.

O prazo para solicitar libramentos vai do 15 de xaneiro ao 15 de marzo do ano seguinte ao de referencia, é dicir: o cobro de cada ano solicitarase antes do 15 de marzo do ano seguinte. O período mínimo de alta na S.S. será de doce meses.

Para ámbalas dúas modalidades de subvención, o aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

9.- Presentación de solicitudes de subvención

Data límite de presentación de solicitudes:

- *Para o caso de contratacións: O prazo está aberto durante todo o ano, pero será obrigatorio formalizar a solicitude con anterioridade á alta na Seguridade Social ou dentro dun mes contado a partires desta data de alta. Se no período de proba a empresa decidise prescindir dos servizos da persoa contratada, poderá solicitar outra ao Concello, que sexa solicitante así mesmo do PEM.*
- *Para o caso de autoemprego: O prazo para solicitalo está aberto durante todo o ano, e cada persoa debe facelo ou ben antes ou dentro dos dous meses contados des da alta na Seguridade Social.*

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

10.- Resolución do procedemento:

Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención:

Para o caso de contratacións laborais

*Manter actualizado o expediente, solicitando prórroga para cada exercicio, se é o caso.
Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.
Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.
Cumprir a normativa laboral e de seguridade social.*

Calqueira outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.

Para o caso de autoemprego

Manter actualizado expediente, solicitando prórroga para cada exercicio.

Comunicar calquera modificación tida en conta para a concesión da subvención.

Presentar toda a documentación que sexa requirida desde o Concello.

Cumprir a normativa de seguridade social.

Calqueira outras obrigas esixidas nas Bases da convocatoria.

12.- Outras informacións: *No Departamento de Emprego do Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º) Efectuar a convocatoria do Plan de Emprego para o ano 2013, según as determinacións sinaladas.

2º) Autoriza-lo de gasto por importe de 60.000 € cn cargo á partida 241.470 do Estado de Gastos para o exercicio 2013.

3º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.12) CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O EXERCICIO 2013

Por Secretaría dáse conta da convocatoria de concesión de axudas para emerxencia social durante 2013, e que se transcribe de seguido:

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O EXERCICIO 2013.

1.- Entidade adxudicadora:

- a.- *Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove*
- b.- *Departamento que tramita o expediente: Departamento de Servizos Sociais*

2.- Obxecto:

Concesión de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinação social.

3.- Beneficiarios

Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o período mínimo de empadroamento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

4.- Forma de adxudicación da concesión da subvención

O procedemento establecido polas bases non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos propios beneficiarios, as razóns de interese público, social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública, de maneira que se concederán axudas aos solicitantes que cumpran cos requisitos para ser beneficiarias, na orde de presentacións das mesmas e ata o límite da contía presupostaria habilitada.

5.- Orzamento

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 2.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas seguintes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

6.- Contía da subvención

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas dispoñibilidades presupostarias existentes.

Establécense como norma xeral as seguintes contías:

Alimentación: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano. Segun os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

- U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 250 € anuais.
- U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 400 € anuais.
- U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 500 € anuais.
- U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 550 € anuais.

Leite maternizada: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 300 € con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Medicación: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 100 € e con informe médico xustificativo que dito medicamento non se poida adquirir polo Sergas e no caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá o 40% do custo, sendo o resto a través da receita médica.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 € no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 € no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 € no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 100 € por unidade económica de convivencia por curso escolar.

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

7.- Gastos subvencionables

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.

b) Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplan nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales

como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

a) Desafiuzamentos

b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda

c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 10 € con un tope máximo de dous vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

8.- Prazo e documentación xustificativa do gasto

As axudas concedidas deberán estar xustificadas en todo caso antes da finalización do exercicio.

As axudas concedidas xustificaranse mediante factura (ou documento xustificativo equivalente) do gasto realizado no concepto para o que foran concedidas.

Deberá aportarse ademais a seguinte documentación:

-Declaración xurada de outras axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da axuda así como da realización do gasto subvencionado e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida (modelo que se facilitará ao efecto)

-Consonte ao artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3000 €, non se esixirán certificacións acreditativas de estar ao corrente no pagamento de débedas coa Seguridade Social, Facenda Estatal e Autonómica. Non obstante, deberá presentarse novamente a declaración de non ter débedas con estas administracións e sí se esixirá o certificado de débedas co Concello de Xove.

9.- Presentación de solicitudes de subvención

Data límite de presentación de solicitudes: Poderán presentarse solicitudes durante todo o ano natural ata o límite máximo do crédito orzamentario.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

c) Lugar de presentación: As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Municipal do Concello (Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo) ben de xeito presencial ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

10.- Resolución do procedemento:

Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta da Traballadora Social.

11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención

Os solicitantes das axudas están obrigados a:

- Aplicar as prestacións económicas á finalidade para a que se outorgaron
- Comunicar ao servizos sociais do Concello todas aquelas variacións habidas na súa situación socio-familiar, que podan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
- Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas
- Comparecer ante o Concello e colaborar co mesmo cando sexa requirido para iso con motivo da xestión das prestacións de emerxencia.

12.- Outras informacións.- No Departamento de Servizos Sociais Concello de Xove. Teléfono: 982.59.20.01

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º) Efectuar a convocatoria da concesión de axudas de emerxencia social para o exercicio 2013, consonte as determinacións sinaladas.

2º) Autoriza-lo de gasto por importe de 2.000 € con cargo á partida 231.480 do Estado de Gastos para o exercicio 2013.

3º) Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZALEZ RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por dous votos a favor e a abstención de D^a Dolores Meitín Guerreiro, acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para a beneficiaria e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.14) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A D. ANTONIO MIRANDA SILVA COMO AUTÓNOMO/AUTOEMPREGO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario autónomo D. Antonio Miranda Silva con D.N.I. nº X0627146M con domicilio en A Vara, 7 Xuances para a súa inclusión como autónomo no Plan de Emprego do ano 2013, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2013, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario autónomo seguinte:

Nome	Enderezo	Actividade
Antonio Miranda Silva	A Vara, 7 Xuances	Traballos forestais

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación ó autónomo, os efectos oportunos.

D.15)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE PVI S.A. PARA ELANA IGLESIAS BERMUDEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2013, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
---------	-------------

PVI S.A. (Pablo Vizoso Iglesias) Correduría de seguros C/ Bos Aires (Praza de España), 2 27700 Ribadeo	Elena Iglesias Bermudez Camiño Real, 18 27870 Xove
--	--

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.16)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE MADERAS BELLAS S.L.U. PARA JOSE ANTONIO COCIÑA CASTRO.

Vista da solicitude formulada pola empresa Maderas Bellas S.L.U. con domicilio en Abelleira, 2 (27867 Galdo) coa actividade de venta ó por maior de madeira para efectuar a contratación ó abeiro do plan de emprego municipal do traballador D. José Antonio Cocíña Castro, con domicilio en Camba, 55 (27877 Xuances).

Visto informe do departamento de emprego, no que sinala non procede a concesión da axuda porque incúmrese a base primeira, punto 4 do capítulo II das Bases que regulan o Plan de Emprego Municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Denegar a concesión do Plan de Emprego solicitado, en base ó informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.